

Queremos apoiar  
a campaña **#1Voto1Árbore**



**T A L E N T I A**  
**SUMMIT/22**

As empresas que forman parte da rede de Talentia Summit están comprometidas coa RSC e co noso medio natural.

Impulsar a candidatura do Carballo do Banquete de Conxo como árbore de Europa 2022 é promover a sustentabilidade.

[talentiasummit.com](https://talentiasummit.com)





#1voto1Árbore

Carballo do Banquete de Conxo

# Santiago pode albergar a “Árbore de Europa”

## O Carballo do Banquete de Conxo é un compromiso co medio

### Desde Talentia Summit queremos apoiar esta candidatura

Recentemente o Carballo de Banquete de Conxo foi recoñecido como a Árbore de España deste ano e aspira a obter o título de **Árbore Europea do 2022**. Agora compite na última fase do certame cuxo prazo de votación popular estará aberto **ata o 28 de febreiro**.

Santiago de Compostela conta cunha superficie de espazos verdes que supera amplamente os estándares marcados pola OMS. Reivindicar e manter o noso patrimonio natural é un obxectivo que mellorará a vida da cidadanía, potenciará o atractivo turístico da cidade e favorecerá o crecemento dunha nova xeración en harmonía cos valores ambientais; en definitiva, potenciando un entorno idóneo para o desenvolvemento do noso talento.

Ademais, por cada voto que reciba a candidatura do Carballo de Conxo, o Concello de Santiago comprometeuse a plantar unha nova árbore autóctona. Cunha plantación de 100.000 árbores autóctonas de aquí a 2030, máis de 19.000 só no 2022, no caso de que se chegue ao mesmo número de votos.

Por este motivo, desde a organización de **Talentia Summit**, queremos facer partícipe a nosa rede de empresas colaboradoras para impulsar esta campaña, xa que contar co voso apoio axudará a lograr o recoñecemento europeo deste Carballo único, unha árbore que é xa todo un símbolo para a cidade e para Galicia.






# VOTA O CARBALLO DO BANQUETE DE CONXO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por cada voto, plantaremos unha árbore autóctona



**Carballo do Banquete de Conxo,**  
Representante de España no concurso  
europeo «Tree of the Year 2022».  
e Árbore do ano en España 2022.



# O CARBALLO MÁIS IMPOÑENTE DE EUROPA ESTÁ EN SANTIAGO


Representa a España no concurso europeo «Tree of the Year 2022». Árbore do ano en España 2022.



**TREE  
OF THE  
YEAR**  
EUROPE

Especie Quercus robur  
Máis de 250 anos  
3.75 m perímetro do tronco  
392 m<sup>2</sup> dimensión da copa  
26 m de altura





# QUE PODEMOS FACER COMO EMPRESA?

---

A campaña “**#1Voto1Árbore**” está no marco das actuacións de **valorización do patrimonio natural**, con motivo da votación internacional que escollerá a mellor árbore de Europa. Con este obxectivo, propoñemos un reto ambiental ás empresas:

- **O reto colectivo na vosa empresa:** votar conxuntamente todos os traballadores polo Carballo do Banquete de Conxo no concurso europeo “**Tree of the Year**”.
- **Envío de emails** solicitando o voto activamente aos vosos traballadores e/ou clientes definindo a vosa RSC.
- **Compartir activamente** a campaña nas vosas redes sociais, remarcando o feito de que “grazas aos vosos votos polo Carballo serán plantadas X árbores autóctonas” contribuindo á mellora do medio natural e á sustentabilidade.
- **Participación activa** nas actividades de **plantación de carballos** que se están a levar a cabo nas inmediacións da Carballeira de Conxo como actividade de grupo (é preciso reserva previa).



# #1Voto1Árbol

SANTIAGO DE COMPOSTELA



## VÍDEO DA CAMPAÑA DO CARBALLO

[Click sobre a imaxe para ver o vídeo en YouTube](#)



**TREE  
OF THE  
YEAR**

EUROPE

**#VOTACARBALLO**

---



**TEMOS UN DESAFÍO AMBIENTAL  
PLANTAR MÁIS DE 100.000 ÁRBORES**



**TREE  
OF THE  
YEAR**  
—  
EUROPE




**ESTAMOS XA PREPARADOS!**  
**OS NOVOS BOSQUES CON ÁRBORES AUTÓCTONAS**  
**AGARDAN POR VÓS!**



**TREE  
OF THE  
YEAR**  
—  
EUROPE





# O CARBALLO DE SANTIAGO TEN UNHA GRAN HISTORIA

---

Este histórico carballo naceu coa Ilustración. Foi testemuña en 1856 do Banquete Democrático de Conxo, acto revolucionario que reivindicou os ideais da nova Europa: Liberdade, Igualdade e Fraternidade.

Foi defendido por Rosalía de Castro nunha denuncia ecolóxica pioneira en España.

E o bosque que o acolle, ao pé do Camiño Portugués de peregrinación, é hoxe todo un cofre botánico, aberto ao público en 2018, cunha gran festa popular, tras permanecer inaccesible durante máis dun século.





Votación do  
1 ao 28 de febreiro  
«Tree of the Year 2022»  
en [treeoftheyear.org](https://treeoftheyear.org)



**TREE  
OF THE  
YEAR**

EUROPE





# INSTRUCCIÓN PARA A VOTACIÓN

---

1. 🖥️ Accede á **ligazón** para ir á páxina do concurso.  
<https://www.treeoftheyear.org/Vote>
2. 🌳🌳 Para poder votar, debes seleccionar **DÚAS ÁRBORES**, que unha sexa o Carballo do Banquete, e outra que che guste (das candidatas que teñan menos votos, claro 🐒).
3. 📧 Click sobre "**Vamos votar!**", onde debes introducir o teu email e confirmar polo menos a súa política de protección de datos.
4. ✉️ **Verificar o email**, pulsando sobre a ligazón que che envían para que o voto sexa válido (se non o confirmas, non conta).
5. 🔄 **Xa está!** Agora, podes repetir o proceso con outro email ;)



**VOTTA**


[treeoftheyear.org/Vote](http://treeoftheyear.org/Vote)



# VOTA O CARBALLO DO BANQUETE DE CONXO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por cada voto, plantaremos unha árbore autóctona



Carballo do Banquete de Conxo,  
Representante de España no concurso  
europeo «Tree of the Year 2022».  
e Árbore do ano en España 2022.